

O CONTO INFANTIL



É un territorio completamente conquistado pola Fantasía. O lector infantil é o mellor disposto a entrar no xogo da ficción non realista, pero as obras que hoxe consideramos para nenos non sempre tiveron inicialmente este tipo de lector como destinatario. As fronteiras entre a literatura para adultos e para neno son difusas.

Desde cando hai libros para nenos?



É no século XIX cando a infancia comeza a concibirse como unha etapa diferenciada na vida humana, que merece unha especial atención. A literatura que consomen os nenos con anterioridade ao XVII non está especificamente dirixida a eles. Son silabarios, bestiarios, ou fábulas.


Os autores do XVII e o XVIII
reciclan as vellas lendas.



Nesta etapa comezan a aparecer autores que recollen da tradición oral aquelas historias nas que prima o elemento fantástico, pois estas eran as que a sabiduría popular fora decantando como máis apropiadas para o público infantil. Destacan Perrault, Madame Leprince de Beaumont, Félix María de Samaniego e Tomás de Iriarte.

E neste período aparecen, ademais, dúas obras mestras do xénero: *As viaxes de Gulliver* de Jonathan Swift e *Robinson Crusoe* de Daniel Defoe.


O século XIX



Os nenos empezan a ser merecedores da atención de plumas prestixiosas como a dos **Irmáns Grimm**, **Andersen**, **Oscar Wilde** e en España o **Saturnino Calleja** da expresión "tienes más cuento que Calleja".

Ademais do conto, a novela para lector infantil dá títulos como *Alicia no país das marabillas* de **Lewis Carroll**, *A illa do tesouro* de **R. L. Stevenson**, *O libro da selva* de **Rudyard Kipling** ou *As aventuras de Tom Sawyer* de **Mark Twain**.

O século XX e o XXI



Á par da aparición de novos títulos emblemáticos *Peter Pan*, *O vento nos salgueiros*, *Pippi Calzaslongas*, e da extraordinaria explosión creativa da segunda metade do XX con autores como **Roald Dahl**, **Gianni Rodari**, **Michael Ende**, **René Goscinny**, **Christine Nöstlinger**...asistimos á revisión dos contos clásicos e dos seus heroes e heroínas: lobos bos, princesas intrépidas, piratas covardes...

E a creatividade non se reduce aos textos: os ilustradores e as súas obras cobran novo protagonismo ao tempo que surxen formatos pouco convencionais para as historias (gravacións da lectura, esmeradas ilustracións, troquelado, música...) e prodúcense saltos ao cine, á banda deseñada, aos videoxogos ou á música clásica e o ballet

Robinson Crusoe

Daniel Defoe



Os meus pensamentos estaban agora consagrados a atopar os medios para asegurarme contra os salvaxes e as bestas que puiden haber na illa... Boteille conta ao que podía necesitar de xeito indispensábel: antes da máis nada, auga doce e aire saudábel; despois, abrigo e seguranza; e, finalmente, se Deus me enviaba algún barco que pasar preto, non perdese eu esa oportunidade de me salvar.

Peter Pan

James Mathew Barrie



E daquela, unha noite, produciuse a traxedia. Era primavera e xa se acabara o conto por esa noite e Jane estaba xa durmida na súa cama. Wendi estaba sentada no chan, moi preto do lume, para poder ver mentres zurcía, pois non había luz ningunha no cuarto e, mentres cosía escoitou un grallar. Entón a fiestra abriuse dun sopro coma noutros tempos e Peter pousouse no chan.

Estaba exactamente igual ca sempre e Wendy viu ao momento que aínda conservaba todos os seus dentes de leite. El era un meniño e ela era unha persoa grande. Aniñouse á carón do lume sen atreverse a buligar, impotente e culpáble, unha muller adulta.

As bruxas

Roald Dahl



- Esta noite- díxome- heiche contar como coñecer unha burxa de verdade cando a vexas.
- E pode un estar certo de sabela recoñecer?- preguntei.
- Non —dixo- non podes. Aí está o problema. Pero podes atinar o máis das veces.
- Deixaba caer a cinza do charuto por riba da saia e eu confiei en que non comezase a arder antes de me contar como recoñecer a unha bruxa.
- O primeiriño de todo -dixo- é que unha BRUXA DE VERDADE sempre ha levar luvas cando a vexas.
- Sempre, sempre non ha ser- dixen- No verán non has levar, ou?
- Leva, leva. Mesmo no verán. Non lle queda outra. Queres que che diga o porqué?
- Por que?
- Porque no ten unllas. En vez de unllas, ten unhas poutas finas e curvadas coma as dos gatos e leva as luvas para que ninguén llo saiba. O que pasa é que tamén moitas señoras respectabeis levan luvas, e máis no inverno; daquela iso non serve moito para identificalas.

A illa do tesouro

Robert L. Stevenson



..hospedouse na nosa casa un vello lobo de mar que tiña a face curtida pola intemperie e sucada de arriba abaixo por unha sinistra marca que lle deixara un terríbel golpe de sabre.

Persiste no meu maxín, tan claro coma a luz do día -coma se aínda fose onte- a lembranza da entrada que fixo o home aquel, que se presentou na nosa hospedaría arrastrando os pés e cun carriño atrás no que levaba un pesado cofre de mariñeiro.

Era alto, ancho de costas, garrido e mouro de pel. A guedella de pelo, que levaba recollida e embreada, caíalle nas costas rozándolle a casaca vella, suxa e tirando a verde, que levaba chea de manchas. As mans tíñaas agretadas, sucadas de marcas imborrábeis, as unllas partidas e porcas. Pero o que primeiro me chamou a atención nel, era a pegada que lle cruzaba a meixela dereita, desde a mandíbula até o sen.

Asubiando entre os dentes andou un cacho a espreitar a enseada próxima até que, de súpeto, virándose de costas ao mar, mentres regresaba á hospedaxe, entoou aquela estraña e antiquísima canción que tantas veces ouvín despois cantar , nas súas interminábeis horas de soidade e ocio:

*“Quince homes sobre o cofre do morto,
ha, ha, ha!
E unha botella de ron!”*

La fea durmiente

Yanitzia Canetti



En un precioso castillo
De una primorosa villa
Perdida en un bosquecillo
Nació una fea chiquilla

Sus padres, sin embargo,
No la vieron horrorosa
Es más, pensaban que era
La princesa más hermosa

Ceniciento

Yanitzia Canetti



Ya no hay más cenicientas,
queridos, lo lamento,
porque esta vez le toca
el turno a Ceniciento

Harry Potter (o videoxogo)

J.K. Rowling/Electronic Arts



O obxectivo do xogo é explorar Hogwarts e seguir a historia do libro e a película. Hogwarts é totalmente explorábel a meirande parte do tempo e hai “puntos por descuberta” que fornecen de recompensas aos xogadores e que poden ser activadas completando misións. Ademais hai batallas entre grupos de estudantes.

As crónicas de Narnia (a película)

C. S. Lewis/Andrew Adamson



"Que habería dentro do armario? A nena mirou cara o interior. Había moitos abrigos e o máis deles de pel. Introduciuse no enorme roupeiro e camiñou entre os abrigos, en cato esfregaba a súa face contra eles. Deixara a porta aberta, pois comprendía que había ser unha tolemia encerrarse dentro. Estaba escuro abondo e mantivo os brazos estirados para non topar co fondo. Deu un paso, dous, despois tres...Non daba chegado ao fondo (...) Inclínouse para tocar o chan e o que tocou foi algo lene, unha poeira fría. E despois notou que o que lle daba na cara xa non eran as teas do armario, senón algo duro, ríspeto que mesmo se lle espetaba na pel.

-Como? Se non parecen pólas de árbores!

Pedro e o lobo

(conto popular ruso)

Prokofiev



Achegouse e comezou a berrar:

-Socorro, o lobo, que vén o lobo!

A xente do pobo colleu o que tiña a man e foi axudar ao pobre pastor que pedía auxilio, pero cando chegaron alí, descubriron que todo fora unha chanza do pastor, que estordegaba coa risa, e andaba aos rebolos polo chan, agarrándose á barriga. Os aldeáns decidiron volver ás súas casas, pero ían anoxados porque non lles fixera graza a broma de Pedro.

Cando marcharon, o pastor pensou que podía repetila e así non estaría tan aburrido todo o día só a coidar nas ovellas.